



PLAN DIXITAL

CPI Plurilingüe da Picota

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CPI Plurilíngüe da Picota

Dirección: Rúa Dolores González Jurjo, N°14. C.P. 15256 (A Picota, Mazaricos)

Correo: cpi.picota@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpipicota/>

etapas educativas: EI-EP- ESO

Nº de alumnado: 228 (EI:42; EP:98; ESO:87)

Nº profesores: 33

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPI A Picota está situado no ámbito rural e afastado dos grandes núcleos de poboación. Os núcleos familiares están compostos por tres ou incluso catro xeneracións.

A gandería é, na maioría dos casos, o sustento principal das familias, aínda que observamos un incremento no número de pais-nais, sobre todo os máis novos/as que realizan aportacións á economía familiar cun emprego por conta allea.

A miúdo detectamos dificultades a nivel académico, escasos hábitos de estudo, desmotivación polas aprendizaxes académicas, certo "rexeitamento-illamento" do alumnado con NEAE, baixo nivel de autoestima, inseguridade, problemas a nivel emocional e ou actitudinal, escasos hábitos saudables, etc.

A nivel de centro temos unha dilatada experiencia no eido dos proxectos de innovación da Consellería. Isto refléxase en que somos centro pioneiro nos Proxectos Educativos de Novas Tecnoloxías desde o ano 1991, como foi o PNATEG e Nmai. Actualmente os grupos de 5º e 6º de Primaria traballan coa plataforma E-dixgal.

Dende o curso 2016/2017 o CPI A Picota entrou a formar parte do proxecto Escronabots na biblioteca escolar de Primaria, proxecto que pasou a englobarse dentro da Biblioteca Creativa (Primaria) a partir do curso 2018/2019. A continuidade nesta liña de traballo foi a que propiciou a adhesión ao programa de Introducción á robótica (tamén na Educación Primaria). Nesta etapa educativa o centro oferta tamén nos cursos de 4º e 6º a materia "Introdución á robótica", como materia de libre configuración. Ó solicitar este programa tratamos así mesmo de que haxa unha continuidade na etapa de Secundaria.

No que se refire á incardinación e contribución deste documento ao proxecto educativo, pasa a ser un referente que pretende axudar a levar a cabo, os obxectivos que xa se viñan formulando en cursos anteriores no plan TIC do noso centro. Cabe destacar os seguintes:

Para o profesorado:

- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programación, actividades, controis, fichas...
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias e aproveitar os recursos de comunicación: chat, foros, correo, etc.
- Potenciar a integración do alumnado con necesidades educativas especiais mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.
- Elaborar os nosos propios materiais didácticos a través de aplicacións multimedia, presentacións, ferramentas de autor, etc.
- Utilizar todas ás posibilidades que ofrece o portal docente da Xunta (Espazo Abalar, E-Dixgal, Xade, FProfe, Cafi, etc.)

Para o alumnado:

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas divertidas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.
- Adquirir estratexias intelixentes de busca, tratamento, procesamento e presentación da información.
- Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios.
- Estimular a creatividade e a imaxinación utilizando estes medios de comunicación e expresión.
- Superar as barreiras xeográficas que o alumno ten para se comunicar cos seus compañeiros de clase, do colexio, doutros colexios, doutras cidades, países, etc. tanto no colexio como no seu fogar.
- Tomar conciencia de que as novas estratexias adquiridas son a base para a aprendizaxe autónoma do alumno ao longa de toda a súa vida.

Obxectivos concretos:

- Aprender o manexo básico do sistema operativo.
- Introducirse no uso da aplicación ofimática OpenOffice (procesador de texto e presentacións), e descubrir as posibilidades de aplicación desa ferramenta de software ao traballo docente.

- Aprender a buscar, seleccionar e valorar información en Internet, para usar esa información como recurso educativo, e organizala e tratala mediante medios informáticos.
- Colaborar en todos os proxectos relacionados coas TIC que se realicen no centro. Utilizar programas e contornas que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo.
- Crear unha actitude de interese e autoaprendizaxe.
- Facilitar o acceso da informática aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Seguir elaborando, coa máxima participación do profesorado, o espazo web do Centro.
- Actualización e adquisición por parte do profesorado duns coñecementos teóricos en prácticos así como xerar unha dinámica de autoformación, de traballo en grupo e dun sentido crítico ante as novas tecnoloxías.

Por último o plan dixital tamén pretende ser unha ferramenta que favoreza o desenvolvemento doutros plans que xa estaban a realizar no noso centro educativo como son:

- Plan Proxecta 21-22
 - Proxecto Ríos.
 - Proxecto de Vida Activa e Deportiva
- CP Inlúe
 - Convive-T
 - Inclúe-T

A PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebrador que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formacións do alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estuado e estruturado de todos eles.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O presente Plan Dixital responde á necesidade de adaptarnos ó disposto na seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación

do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

As novas tecnoloxías da información e do coñecemento teñen unha maior presenza na sociedade actual dende hai uns anos. O seu dominio para a realización de moitas actividades cotiás vai resultar imprescindible.

O Centro non pode permanecer alleo a este fenómeno e debe integrar os novos medios na práctica escolar e formar ao alumnado para que no futuro sexan competentes en tódolos ámbitos.

As TIC axilizan o proceso de ensinanza e aprendizaxe, e son fundamentais para completar o currículo. Por si mesmas conseguen maior motivación do alumnado, dannos acceso a moita información, facilitan a aprendizaxe individual e o apoio e atención a diversidade.

Neste proxecto pretendemos que o alumnado alcance os obxectivos que lle permita ser competente nas TIC.

1.4. Proceso de elaboración

No primeiro trimestre realizouse a constitución do Equipo de Dinamización de Plan Dixital e a correspondente solicitude de formación ao CAFI a través dun PFPP. Posteriormente realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital de todo o profesorado do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente terían concreción neste documento. Ese acompañamento axudou a ter unha temporalización organizada.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A conectividade é boa, exceptuando algunhas desconexións que se producen en determinadas condicións metereolóxicas adversas. A conexión a Internet é mediante fibra óptica, cun ancho

de banda de 300 Mb que chega a todos os recunchos do centro. A totalidade dos ordenadores están conectados á rede a través ethernet.

Dispoñemos do seguinte equipamento:

- Aula de Informática: Contamos con dúas aulas, unha no edificio novo con 16 equipos en rede, conexión a internet, canón (multimedia) e outra no edificio antigo, con 12 equipos tamén en rede, con conexión a internet e canón.
- Biblioteca: dispoñemos de dous espazos: no edificio novo con 4 equipos para o alumnado e 1 para tarefas de xestión do Proxecto Meiga, e outro no edificio antigo, con 2 equipos para o alumnado e 1 para tarefas de xestión tamén do Proxecto Meiga e que fai de servidor. Nas dúas hai conexión a internet, proxector fixo e pantalla de proxección, televisión, DVD e vídeo.(Multimedia)
- Educación Infantil e Primaria: un ordenador por aula con conexión a internet. O alumnado de Infantil é usuario preferente da aula multimedia MAV1 dotada de tableiro dixital motorizada. Agás as aulas de PT, AL e de Infantil, tódalas demais son multimedia e con PDI. 5º e 6º son abalares e os alumnos teñen o seu miniportátil.
- Educación secundaria: un ordenador por aula con conexión a Internet e unha pantalla interactiva en cada unha.
- A aula de Plástica e os talleres de Tecnoloxía e Bioloxía dispoñen de ordenador e pizarra dixital ou pantalla interactiva.
- Salas de audiovisuais: Temos dúas totalmente multimedia. MAV1 dotada de tableiro dixital motorizada e MAV2 –gran grupo-.
- Administración: 12 equipos -2 son portátiles-, 7 deles para uso do profesorado. Dispomos de dúas fotocopiadoras Canon a cor, están en rede e actúan como impresoras e scanner para todo o centro, unha delas para zona de docencia e a outra para zona administrativa (secretaría, sala, despachos)
- Sala de Profesores: dous ordenadores.
- Conserxería: un ordenador.
- Departamento de Orientación: un ordenador.
- Secundaria: aulas Abalar en 1º e 2º curso (PDI, proxector, ordenador do profesor e miniportátil para cada alumno). Tódalas demais son multimedia e con PDI
- Contamos con 12 ordenadores portátiles de prestamo para o alumnado que non ten conexión ou ordenador na casa (fenda dixital).

En canto ós servizos dixitais educativos, o centro dispón de páxina web, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar e Abalarmóbil.

No presente curso 21-22 implantouse o proxecto E-DIXGAL para o alumando de 5º de primaria con 18 alumnos/as.

Este proxecto ten o obxectivo de implantar nas aulas una ensinanza dixital integral apoiada na utilización de equipamento das aulas Abalar, poñendo a disposición da comunidade educativa

un entorno virtual de aprendizaxe (EVA) con libros e outros materiais dixitais cos que se poderá desenvolver a totalidade do currículo.

Docentes e alumnos desenvolverán a súa actividade educativa diaria como dicimos, nun entorno virtual de aprendizaxe que lles vai permitir acceder a contidos dixitais para 5º de primaria .

Os docentes poderán elaborar a súa propia "mochila dixital" seleccionando a través da plataforma dixital o s contidos formativos e podendo incorporar o s materiais complementarios que desexen, así como contidos de elaboración propia.

Os alumnos dispoñen dun equipo personalizado para acceder ao material seleccionado polo profesor tanto a través dunha conexión a internet (modo online) como dende o seu netbook (modo offline). Deste xeito, garántese que os alumnos e as alumnas que non dispoñan de conexión a Internet desde as súas casas poidan seguir o curso sen dificultade. De feito, todo o avance que realicen sen conexión será actualizado de maneira automática na plataforma en canto o netbook volva ter conexión de rede

Non dispoñemos dun equipo técnico interno no noso centro educativo para mantemento das infraestruturas dixitais. Neste caso procédese a chamar á UAC para solventar esas incidencias, pero frecuentemente a tardanza para a resolución de incidencias por parte deste último servizo, ocasiona que se teña que utilizar a prestación dunha entidade externa.

No que se refire a protocolos do centro relacionados coas TIC, só dispñoemos do plan TIC o cal pode ser consultado na [PXA do noso centro](#).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3	2,8
	Profesorado	3,4	3,6
	Alumnado	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8	3,1
	Profesorado	3,2	2,9
	Alumnado	3,5	2,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2	3,5
	Profesorado	3,9	3,5
	Alumnado	4,1	3,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,2	3,8
	Profesorado	3,5	3,5
	Alumnado	-	-

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,4	3,6
	Profesorado	3,5	3,6
	Alumnado	-	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,9	3,4
	Profesorado	3,6	3,4
	Alumnado	3,9	3,2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3	3
	Profesorado	3,1	2,9
	Alumnado		2,6
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,1	3,2
	Profesorado	3,6	3,3
	Alumnado	4	2,9

Test CDD: Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	24	79,2%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	3	4	75%
SUBSTITUTO	6	8	75%
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,3	Integradora/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	76,3	Integradora/a (B1)	68,2	Integradora/a (B1)
Pri.	84,2	Integradora/a (B1)	77	Integradora/a (B1)
ESO	56,6	Explorador/a (A2)	79,2	Integradora/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,4%
A2	13	44,8%
B1	13	44,8%
B2	1	3,4%
C1	1	3,4%
C2	-	-

TOTAL	29	99,8%
--------------	----	-------

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>EP-ESO C1 No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que pode utilizar no meu traballo como docente</p> <p>EP-ESO C3 O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>EP-ESO C10 No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p> <p>EP-ESO C14 No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio</p> <p>EP-ESO C8 No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise.</p>	<p>EP-ESO C5 A asistencia técnica non está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO C7 No noso centro non existen sistemas de protección de datos</p> <p>EP-ESO C16 No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p>
	PERSOAL DOCENTE		<p>EP A4 No noso centro non temos tempo para explorar como mellorar o meu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO B1 No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO B2 No noso centro non comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO B3 No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións</p> <p>EP-ESO E2 Os docentes non crean recursos dixitais para reforzar o método de ensino</p> <p>EP-ESO E5 Os profesores non utilizan recursos educativos abertos</p> <p>EP-ESO F3 Os profesores non utilizan actividades de aprendizaxe dixital que fomentan a creatividade do alumnado</p> <p>EP-ESO F5 Os profesores non utilizan as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado</p> <p>EP-ESO F6 O profesorado non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO G1 Os profesores non utilizan as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos estudantes</p> <p>EP-ESO G3 Os profesores non empregan tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.</p> <p>EP-ESO G5 Os profesores non utilizan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa</p>

		<p>aprendizaxe</p> <p>EP-ESO G6 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>EP-ESO G7 O noso equipo directivo non nos axuda a utilizar as tecnoloxías dixitais con fins de avaliación</p> <p>EP-ESO G10 Non valoramos as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo</p> <p>EP PEC 3.1 Dende o centro educativo promover a participación do profesorado nas actividades formativas individuais organizadas pola Administración educativa para actualizar as competencias didácticas do profesorado.</p> <p>EP-ESO PEC 5.2 Non son coñecedores das vantaxes do software libre no ámbito educativo e dispoñen e fan uso deste tipo de ferramentas no centro.</p> <p>EP-ESO FLUT Profesores con competencias dixitais insuficientes</p> <p>EP-ESO FNAM O profesorado carece de tempo para desenvolver material para a aprendizaxe</p> <p>EP-ESO B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</p>
PERSOAL NON DOCENTE	<p>EP-ESO PEC1.2 O profesorado participa en accións formativas individuais organizadas pola administración</p> <p>EP-ESO D1 O noso equipo directivo reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO D2 Teño acceso a posibilidades de FPC en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO D3 O noso equipo directivo axúdanos a intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO E1 Busco recursos educativos dixitais en internet</p> <p>EP-ESO E3 Os profesores utilizan entornos virtuais de aprendizaxe cos alumnos</p> <p>EP-ESO E4 O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo</p> <p>EP-ESO F1 Os profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>EP-ESO F4 Os profesores utilizan actividades de aprendizaxe dixital que fomentan a creatividade do alumnado</p> <p>EP-ESO FPAM O profesorado participa en programas de desenvolvemento profesional</p> <p>EP-ESO UADPC O profesorado valora como útiles as actividades de DPC desenvoltas en liña, colaborativas, a través de redes profesionais e de orientación e asesoramento internos.</p> <p>EP-ESO SUT O profesorado do centro manexa con seguridade as tecnoloxías na preparación e impartición das clases, e na comunicación.</p>	
ALUMNADO	<p>EP-ESO C8 No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise</p> <p>EP-ESO C10 No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p> <p>EP H3 No noso centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet</p> <p>EP-ESO H7 No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>EP-ESO H8 No noso centro o alumnado aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO H10 O noso equipo directivo garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias</p>	<p>EP-ESO C13 No noso centro o alumnado non pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases.</p> <p>EP-ESO H1 No noso centro o alumnado non aprende a actuar con seguridade en internet</p> <p>EP-ESO H4 No noso centro o alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa</p> <p>EP-ESO H6 No noso centro o alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet</p> <p>EP-ESO H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO PEC1.3 O alumnado non pode atopar toda a información que precisa na web do centro</p> <p>EP PEC2.3 Non puiden facer un seguimento dos meus deberes a través da aula virtual do centro ou da EVA do proxecto EDIXGAL na maioría das materias.</p> <p>EP-ESO PEC 4.3 Non son coñecedores das vantaxes do</p>

	<p>EP H11 No noso centro o alumnado aprende a codificar ou programar</p> <p>EP PEC3.3 Envíanos avisos e notificacións a través da aplicación AbalarMobil á miña familia. Ademais, pode xustificar as faltas ou solicitar títulos.</p> <p>EP UT O alumnado emprega a tecnoloxía no fogar para as tarefas escolares</p> <p>EP-ESO AADFCE O alumnado ten acceso a dispositivos dixitais fóra do centro</p> <p>EP CTA O alumnado posúe información sobre como empregar os dispositivos dixitais</p> <p>ESO PEC2.3 Non puideron facer un seguimento dos meus deberes a través da aula virtual do centro ou da EVA do proxecto EDIXGAL na maioría das materias.</p>	<p>emprego do software libre no ámbito educativo e dispoñen e fan uso deste tipo de ferramentas no centro.</p> <p>EP-ESO FLUT Alumnado con competencias dixitais insuficientes</p> <p>EP-ESO UT O alumnado non emprega a tecnoloxía fóra do centro con fins de aprendizaxe</p> <p>ESO H3 No noso centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet</p> <p>ESO H11 No noso centro o alumnado aprende a codificar ou programar</p> <p>ESO UT O alumnado emprega a tecnoloxía no fogar para as tarefas escolares</p> <p>ESO CTA O alumnado posúe información sobre como empregar os dispositivos dixitais</p>
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>EP-ESO A3 o centro apoia o uso de novas modalidades de ensinanza</p> <p>EP B2 non existe reflexión sobre o uso das TIC</p> <p>EP-ESO C14 No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio corporativos</p> <p>EP-ESO PEC1.1 O centro emprega servizos dixitais corporativos</p> <p>EP-ESO PEC 2.2 O centro promove a creación conxunta de coñecemento mediante a organización dun Plan de Formación en centros dos que formo parte</p> <p>EP-ESO PEC 4.1 O equipo directivo coñece a normativa en materia de adquisición de equipamento informático dos centros educativos</p> <p>EP-ESO PEC 4.2 O centro difunde información de interese e facilita ou supervisa a actividade académica do alumnado a través de servizos educativos corporativos dixitais (web, aula virtual, videoconferencia, teléfono móbil, correo electrónico...)</p> <p>EP-ESO PEC 5.1 Nas aulas do centro hai mercado de equipos informáticos centro polopropio</p> <p>EP FPAM O centro educativo ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados</p> <p>EP-ESO G8 Facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe</p> <p>EP-ESO PEC3.1. Dende o centro educativo promóvese a participación do profesorado en actividades formativas individuais organizadas polas administracións.</p>	<p>EP-ESO A1/A2 o centro non conta con estratexia dixital nin consulta profesorado para a súa elaboración</p> <p>EP B3/B4 Non existe colaboración con outras entidades nin centros</p> <p>EP-ESO A4 No noso centro o profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o meu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO B1 No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</p> <p>EP-ESO C11 No noso centro non contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>EP-ESO C12 Na nosa escola, non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.</p> <p>EP-ESO C13 No noso centro o alumnado non pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízaos durante as clases.</p> <p>EP-ESO C16 No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p> <p>EP-ESO FLUT Falta de tempo para os docentes</p> <p>EP-ESO PEC2.1. O equipo directivo non promove o emprego de software libre no ámbito educativo</p> <p>ESO FPAM O centro educativo ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	EP PEC3.2 As distintas modalidades formativas que organiza a Administración educativa axústanse ás necesidades formativas máis pequenas en competencia dixital	EP-ESO FLUT Apoio técnico limitado ou inexistente ESO PEC3.2 As distintas modalidades formativas que organiza a Administración educativa axústanse ás necesidades formativas máis pequenas en competencia dixital
	LEXISLACIÓN		EP-ESO A5 No noso centro non respectamos os dereitos de autor e non utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe EP-ESO C7 No noso centro non existen sistemas de protección de datos
	CONTORNA		EP-ESO FNAM Baixa competencia dixital das familias
	ANPA		

	OUTRAS ENTIDADES		EP-ESO B3 No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións EP-ESO B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a ideosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarias. As táboas seguintes recollen esta información:

"Área/s de mellora": Competencias Dixitais Do Alumnado (H)						
OBXECTIVO 1:	Fomentar a aprendizaxe no uso de internet con seguridade de alumnado e familias (FLUT/FNAM*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo/Equipo de Dinamización do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	1. Porcentaxe do alumnado que participa nas accións formativas que se desenvolvan. 2. Porcentaxe de familias que participan nas accións formativas que se desenvolvan.					
Valor de partida	1. 0% do alumnado participou nas accións formativas que se desenvolveron. 2. 0% das familias participaron nas accións formativas que se desenvolveron.					
Valor previsto e data	1. 90% do alumnado participou nas accións formativas que se desenvolveron. 2. 15% das familias participaron nas accións formativas que se desenvolveron.				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Elaboración dunha páxina/aula virtual con contidos de seguridade na rede.	Persoa con competencia TIC na creación de contidos.	Primeiro trimestre curso 22-23	Materiais (ver nota ao final desta táboa) Claves Aula Virtual ou web. Xerar enlace cos contidos. Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Envío ás familias da información xerada no punto anterior a través de abalar móbil e aviso ao claustro da difusión do mesmo.	Equipo directivo	1 día despois da realización da acción anterior no curso 22-23	Enlace dos contidos de AAVV ou Web. Abalar móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.3: Solicitud das charlas do plan director	Departamento de Orientación	Unha semana despois da publicación da Consellería das directrices do Plan Director.	<p>Contacto/acceso páxina responsable das charlas do plan director.</p> <p>Calendario de implantación das charlas.</p> <p>Espazos para o seu desenvolvemento.</p>	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.4: Difusión entre o claustro do calendario de charlas sobre seguridade na rede e información das datas.	Departamento de orientación	Un día despois da concesión.	<p>Email ao claustro coas datas de execución das charlas.</p> <p>Correo corporativo.</p> <p>Equipo informático.</p>	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.5: Execución da charla informativa Plan Director sobre ciberseguridade para alumnado.	Departamento de Orientación	1º Trimestre do curso 22-23	<p>Sala de audiovisuais.</p> <p>Relatores dos corpos de seguridade do Estado.</p>	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.6: Charla informativa Plan Director sobre ciberseguridade para familias.	Departamento de Orientación	2º Trimestre do curso 22-23	<p>Sala de audiovisuais.</p> <p>Relatores dos corpos de seguridade do Estado.</p>	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(*FLUT alumnado con competencia dixital insuficiente / FNAM Baixa competencia dixital das familias)

Recursos para Obxectivo 1:

<http://www.edu.xunta.gal/navegaconrumbo/index.html>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/35125> (páxina oficial da Consellería sobre o recurso do curso 21-22)

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamentos (C)						
OBXECTIVO 2:	Crear repositorios en liña que conteñan materiais de ensino-aprendizaxe na aula virtual do centro para todas etapas/nivel/área (C16")				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos/Equipo de Dinamización do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de repositorios creados por cada área-materia e/ou nivel educativo. Número de contidos subidos ao repositorio por cada área-materia e/ou nivel educativo.					
Valor de partida	0 repositorios creados por cada área-materia e/ou nivel educativo. 0 contidos subidos ao repositorio por cada área-materia e/ou nivel educativo					
Valor previsto e data	1 repositorio creado por cada área-materia e/ou nivel educativo. 9 contidos subidos ao repositorio por cada área-materia e/ou nivel educativo (3 por trimestre)			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Reunión para concretar o deseño do espazo virtual dos repositorios.	Coordinador EDPD	Primeira semana do curso 22-23	Convocatoria. Asesor Abalar e/ou Mentor ADIX. Documento que reflecta: as necesidades do espazo dixital, persoas que deben estar matriculadas, contas do profesorado que se precisan crear. Clave de convidado para os repositorios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Creación dos espazos dixitais para os repositorios.	Asesor Abalar e/ou mentor ADIX	Segunda semana do curso 22-23	Aula virtual e usuario administrador da mesma. Documento comentado na acción anterior. Recomendacións do profesor de EAVP Recursos audiovisuais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO2.3: Reunión informativa co profesorado trasladando a iniciativa e a súa organización.	Xefatura de Estudos	Setembro 2022	Sala de reunións Orde día: estrutura da aula virtual que conterá os recursos.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO2.4:Subida de contidos aos repositorios por parte do profesorado responsable.	Profesorado	Ao longo do tres trimestres do curso 22-23 (3 por trimestre)	Usuarios da aula virtual. Equipamentos informáticos. Recursos para os contidos.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO2.5:Difusión da existencia dos repositorios entre o alumnado de todo o centro.	Profesorado	Primeiro trimestre do curso 22-23	Enlace do repositorio. Clave de convidado.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO2.6: Execución dalgunha das actividades do repositorio por parte do alumnado.	Titores/as	1º, 2º, 3º trimestre do curso 22-23	Docentes Equipos EDIXGAL alumnado 5º e 6º. Salda de informática para o resto de alumnado de EP e secundaria. PDI e pantallas táctiles no caso de EI.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(*C16 Bibliotecas/Repositorios en liña)

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
OBXECTIVO 3:	Desenvolver a estratexia dixital do centro (A1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro.					
Valor de partida	0 estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro					
Valor previsto e data	3 estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro			Final do 3º trimestre curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIO	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Reunión do equipo directivo para establecer propostas de estratexias dixitais para o centro.	Equipo directivo	Maio do curso 22-23	Convocatoria Correo electrónico. Orde do día: web, aulas virtuais, comunicación coas familias, co profesorado, obradoiros... Acta da sesión que conteña proposta de estratexias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: trasladar a proposta ao claustro de maneira dixital (cuestionario AAVV, ou Abalar Box, ou email)	Persoa coordinadora das TIC	Maio do curso 22-23	Documento que recolla as propostas de estratexias. Cuestionario aberto para recoller retroalimentación/propostas do profesorado en Aulas Virtuais ou Abalar Box ou email. Correos electrónicos do claustro. Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.3: Reunión do ED para analizar propostas realizadas e xerar e difundir o documento definitivo.	Equipo directivo	Xuño do curso 22-23	Persoa coordinadora Tic (facilita datos do cuestionario)/ ou equipo directivo no caso de telo enviado por email. Documento definitivo/difusión. Correos claustro para difusión. Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*A1 Estratexia dixital)

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 4:	Formar ao profesorado con coñecementos básicos en Aulas Virtuais (D1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado anotado nunha liña de PFP de Aula Virtual que supera o curso.					
Valor de partida	0 % do profesorado anotado nunha liña de PFP de Aula Virtual que supera o curso.					
Valor previsto e dat	55 % do profesorado anotado nunha liña de PFP de Aula Virtual que supera o curso.				Final do curso 22-23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIO	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Comunicación da posibilidade de solicitude de PFP liña Aula Virtual ao claustro.	Equipo directivo.	Claustro inicial do curso 22-23.	Convocatoria. Correo corporativo. Orde do día: liña/s a realizar e persoa coordinadora do PFP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: No caso afirmativo da liña mencionada no AO4.1 contactar coa asesora do CAFI para traslado das informacións.	Persoa coordinadora do PFP	Convocatoria PFP curso 22-23	Asesora do CAFI Documentación requirida pola Orde pertinente. Equipo directivo (cumprimentar solicitude na aplicación)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO4.3: Deseño das horas de docencia e calendario oficial das mesmas.	Persoa coordinadora do PFPP	Finais de outubro do curso 22-23	Asesora CAFI Docente do curso (Concreción de data e horas, petición de subida de recursos nun aula virtual para o profesorado do curso). Calendario de implantación das formacións Aula virtual cos contidos (no caso de que a persoa formadora acceda á subida dos mesmos).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Elaboración da memoria do PFPP, actas...	Persoa coordinadora do PFPP	Finais de maio curso 22-23	Equipo directivo (achegar documentación por aplicación FProfe) Asesora de CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendent	

(*D1 Necesidades de DPC)

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O equipamento das dúas aulas de informática, tanto de Primaria como da ESO, é obsoleto e non permite desenvolver actividades de creatividade ou formación TIC co noso alumnado. Unha aproximación para solventar esta necesidade sería a implantación dunha aula de informática con 25 equipos convertibles. A opción dun carro de carga con estes equipos só sería operativo para a ESO pero para Educación Primaria precisaríase dun espazo concreto. O noso centro conta con barreiras arquitectónicas que non permitirían o seu traslado nesa etapa educativa.

O feito de estar situados nun cocello rural, afastado dos grandes núcleos urbanos, reduce a oferta de profesionais que resolvan as incidencias técnicas de xeito áxil.

Por último para concluír este apartado, deixamos constancia da necesidade de mellorar o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración.

O sistema operativo Linux, instalado nos ordenadores destinados a combatir a fenda dixital, non se axeita a determinados programas destinados ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Por este motivo é preciso que a Consellería deseñe aplicacións que dean resposta a estas necesidades.

É precisa unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción se se desenvolvese nesa aplicación algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro; que permita tamén achegar imaxes, arquivos de son, vídeos...

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final de cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase unha revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de acción. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado presentado ao Claustro e aprobado no Consello Escolar, o plan pasará a formar parte dos documentos oficiais do centro. Procederase á súa publicación na páxina web.

Desenvolveranse diferentes accións formativas, incluídas no propio plan, e abertas á toda a comunidade educativa.

Na Programación Xeral Anual detallaranse as accións a desenvolver en cada nivel educativo, así como nas distintas programacións didácticas.